xuventude.net

acción dVerán'12

Dos 18 aos 35 anos

ACTIVIDADES

XUNTA DE GALICIA

EDITA
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Xuventude
e Voluntariado

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Maiz Creativos

IMPRIME:
XXXXXX

DEPÓSITO LEGAL
C336-2012

acción dVerán'12

Dos 18 aos 35 anos

ACTIVIDADES

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Xuventude
e Voluntariado
2012

INTRODUCIÓN

A campaña de verán que a Consellería de Traballo e Benestar pon en marcha a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado para o ano 2012, inclúe oportunidades de participación para todos aqueles mozos e mozas que xa tedes cumpridos os 18 anos e ata os 35 anos.

Podedes elixir entre os diferentes programas e actividades de lecer e tempo libre que figuran neste folleto informativo ou ben consultar na páxina web www.xuventude.net.

O prezo das actividades inclúe estancia, manutención e, de ser o caso, clases teóricas ou prácticas durante o período de duración do programa; non así o desprazamento ata a instalación correspondente, que correrá pola vosa conta.

Os que posuades o carné xove teredes un desconto do 10% sobre os prezos establecidos neste folleto.

Os que posuades o título de familia numerosa teredes un desconto do 25% sobre os prezos establecidos neste folleto.

Ambos os descontos non son acumulables.

RESERVA DE PRAZAS

A reserva podédela facer a **partir do 6 de marzo,** por teléfono nos servizos de xuventude e voluntariado das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.

Unha vez que fagades a reserva da praza teredes **un prazo de 48 horas,** contando dende o día seguinte a aquel no que fixerades a reserva, para:

- Facer efectiva a cota de participación, segundo as instrucións que se comunicarán no momento de facer a reserva da praza.
- Presentar no servizo de xuventude e voluntariado correspondente ou por correo electrónico ou fax específico de cada actividade:
  - Xustificante do pagamento da cota.
  - Fotocopia do DNI por ambas as dúas caras. (Unicamente se non autorizas a esta Consellería, de conformidade cos artigos 2 e 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos teus datos de identidade nos sistemas de verificación de datos).
  - Fotocopia do carné xove, se é o caso.
  - Xustificante da condición de familia numerosa.

De non presentardes a documentación no **prazo de 48 horas** perderedes o dereito á praza.

DEVOLUCIÓN DE COTAS

Só se devolverá a cota de participación no caso de suspensión da actividade.

A CºRUÑA EXPRESS

Estadías de 4-5 días realizando diferentes probas nas que, por grupos e parellas, os diferentes participantes teñan que retarse e acadar obxectivos tendo que superar exercicios de intelixencia, esforzo físico, etc., desfrutando do contorno cultural, natural e patrimonial da zona.

Aloxamento

A Coruña Express. As Mariñas: Albergue Xuvenil Gandarío (Bergondo).

A Coruña Express. Ferrol: Albergues,cámpings, pavillóns.

CÓDIGOS	QUENDAS	COTA
151001	12 – 15 xullo	120 €
151002	10 – 14 agosto	120 €

A CORUÑA EXPRESS: AS MARIÑAS

Datas	Inicio	Final	Actividade
12/07	A Coruña	Sada	City Chase polo centro da cidade: Torre Hércules, Orzán, Praza de María Pita.
13/07	Sada	Bergondo-Sada	Ruta en bicicleta de montaña (BTT) desde o Pazo de Meirás con orientación vía gps (Bike explorer con GPS).
14/07	Sada	Miño	Ruta en kaiak de mar pola Ría de Betanzos (probas naúticas: donuts acuático, snorkel, pista americana).
15/07	Miño	Pontedeume	Sendeirismo (Nordic Walking) polas Fragas do Eume.

A CORUÑA EXPRESS: FERROL

Datas	Inicio	Final	Actividade
10/08	Mugardos	Mugardos	City Chase no contorno do Castelo da Palma.
11/08	Mugardos	Ferrol	Travesía en kaiak de mar pola Ría de Ferrol (probas náuticas: donuts acuático, snorkel, pista americana).
12/08	Ferrol	Neda	Sendeirismo (Nordic Walking) *ás cascadas* do Río Belelle.
13/08	Neda	Fene	Xeocaptura polo monte Marraxón (probas de intelixencia, habilidade).
14/08	Fene	Fin da etapa	

TELÉFONO: 881 881 240 / 881 881 242

FAX: 881 881 237

CORREO: xuventudecoruna@xunta.es

RUTA EN EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS

O obxectivo deste programa é fomentar e impulsar a navegación en dorna de vela mediante actividades de tempo libre e aproximar os seus participantes aos costumes e culturas dos diferentes paraxes nos que se faga terra.

Realizar a navegación mariña con coñecemento dos métodos e costumes na navegación tradicional.

Equipamento necesario:

Cómpre que traiades lentes de sol, viseira, roupa de baño, chancletas con peche ou fanequeiras, saco de durmir e esteira, chuvasqueiro lixeiro, lanterna, cantimplora e crema solar de factor alto.

Aloxamento:

Farase noite en pavillóns, albergues e zonas de cámping.

Nota: é necesario saber nadar.

Actividades:

Navegación a vela tradicional, snorkel, banana acuática, aperitivos no Galeón durante a navegación, birdwatching, cata de mexillón en Cabo de Cruz, visita ás dunas de Corrubedo e aos cascos antigos mariñeiros (casas de Patín, cruceiros) e actividades alternativas.

CÓDIGO	QUENDA	COTA
151003	17 - 21 xullo	150 €

RUTA EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS: O BARBANZA

Día 1: Rianxo - Rianxo.

Día 2: Rianxo - Cabo de Cruz (Boiro).

Día 3: Cabo de Cruz (Boiro) - Pobra do Caramiñal.

Día 4: Pobra do Caramiñal - Ribeira.

Día 5: Corrubedo (Ribeira).

TELÉFONO: 881 881 240 / 881 881 242

FAX: 881 881 237

CORREO: xuventudecoruna@xunta.es

RUTA EN KAIAK DE MAR

Ruta en kaiak de mar a través da Ría de Vigo. Trátase de fomentar o respecto polo medio mariño, as rías e costas e achegarlle á mocidade a riqueza cultural e costumes do mundo mariñeiro e das vilas que se visitarán. Visitas e actividades culturais.

Equipamento necesario:

Cómpre que traiades lentes de sol, viseira, roupa de baño, chancletas con peche ou fanequeiras, saco de durmir e esteira, chuvasqueiro lixeiro, lanterna, cantimplora e crema solar de factor alto.

Aloxamento:

Fundación Illa San Simón

Nota: é necesario saber nadar.

Actividades:

Navegación en kaiak de mar (k1 e k2), snorkel , banana acuática, sendeirismo, práctica de esquimotaxe, dinámicas de rol playing e actividades alternativas.

CÓDIGO	QUENDA	COTA
361001	2 - 6 agosto	120 €

RUTA EN KAIAK DE MAR: ILLA DE SAN SIMÓN - RÍA DE VIGO

Día 1: Recepción no peirao da illa de San Simón. Iniciación na Illa de San Simón.

Día 2: Travesía á praia de Ponte Sampaio. Visita ao Castelo de Soutomaior.

Día 3: Travesía a San Adrián de Cobres – Ponte de Rande – Meira.

Día 4: Travesía á ponte colgante. Prácticas de rescate e esquimotaxe.

Día 5: Finalización de actividades. Visita cultural.

TELÉFONOS: 986 817 080

FAX: 986 817 082

CORREO: xuventude.voluntariado.vigo@xunta.es

galicia

A CORUÑA

Servizo de Xuventude e Voluntariado
CC Elviña. Rúa Salvador de Madariaga 9, 1º
15008 A Coruña
Tel: 881 881 240 / 881 881 242
Fax: 881 881 237

LUGO

Servizo de Xuventude e Voluntariado
Rolda da Muralla, 70
27002 Lugo
Tel: 982 294 251 / 982 294 923
Fax: 982 294 339

OURENSE

Servizo de Xuventude e Voluntariado
Avda. da Habana 81, baixo
32004 Ourense
Tel: 988 386 120 / 988 386 115
Fax: 988 386 119

PONTEVEDRA

Servizo de Xuventude e Voluntariado
Edificio administrativo da Xunta
Rúa Concepción Arenal 8, 1.º andar
36201 Vigo
Tel: 986 817 080 / 986 817 780
Fax: 986 817 082

XUNTA
DE GALICIA